



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2008 12:49
Nº Rexistro: 33692
Data envío: 19/11/2008 12:49:11.551

Á Mesa do Parlamento


Bieito Lobeira Domínguez e Modesta Riobó Dios, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á existencia dunha granxa escola en Fornelos de Montes que lle prohibe aos seus traballadores e traballadoras o uso da lingua galega.

Unha das normas que recolle o manual para o persoal educativo da granxa escola “El Kiriko”, situada en Fornelos de Montes, indica, literalmente, o seguinte:

“El idioma empleado en el trabajo será el castellano, salvo excepciones que serán previamente comunicadas” (sic).

É evidente que o feito descrito, extremadamente grave, conculca a legalidade vixente en materia laboral e lingüística. Que no ano 2008 o galego siga a ser un idioma discriminado no ámbito laboral non é unha novidade. Porén, que esa discriminación (pola vía da exclusión directa) figure por escrito no manual dunha empresa, resulta xa escandaloso pola soberbia e o desprezo desinhibido que se derivan desas actuacións. Noutras palabras, hai traballadoras e traballadores aos que se lles prohibe, literalmente, na súa propia Terra, falar o seu propio idioma.

Estes feitos resultan inadmisíbeis desde unha perspectiva elementalmente democrática, e intolerábeis pola vulneración da legalidade vixente nesta materia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2008 12:49
Nº Rexistro: 33692
Data envío: 19/11/2008 12:49:11.551

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Que datos posúe a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre a vulneración de dereitos lingüísticos na granxa escola “El Kiriko” de Fornelos de Montes?

2.^a) Considera que esta empresa ten dereito a prohibir o uso do galego aos seus traballadores e traballadoras?

3.^a) Que medidas se adoptarán por este motivo?

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Modesta Riobó Dios

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 19/11/2008 12:47:48

Modesta Riobó Dios na data 19/11/2008 12:47:57